

UNHA MOREA DE POSIBILIDADES

PLAN DE AXUDAS

GDR7 ASOCIACIÓN MIÑO – ULLA

LEADER 2007 - 2013

ÍNDICE

ÍNDICE	1
1.- TERRITORIO DE ACTUACIÓN	2
2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDA	2
3.- REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS	2
4.- BENEFICIARIOS	2
5.- TIPOLOXÍA DE ACCIÓNS SUBVENCIONABLES	3
6.- LIMITACIÓNS SECTORIAIS	5
7.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN	6
8.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN	7
9.- RÉXIME XERAL DE SUBVENCIONALIDADE DOS GASTOS	8
9.1.- GASTOS SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL	8
9.2.- GASTOS NON SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL	8
10.- BAREMO E PORCENTAXES DE AXUDA	9
10.1.- PROXECTOS DE CARÁCTER PRODUCTIVO	9
10.1.1.- Baremo	9
10.1.2.- Porcentaxes de axuda	12
10.2.- PROXECTOS DE CARÁCTER NON PRODUCTIVO	13
10.2.1.- Baremo	13
10.2.2.- Porcentaxes de axuda	16
11.- LÍMITE DE AXUDAS	18
12.- PRAZO PARA A RESOLUCIÓN DA AXUDA	18
13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS	19
14.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS	19
14.1.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN	19
14.2.- RÉXIME DE PAGAMENTO	21
15.- RESUMO DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS	22
16.- RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE RIXE O PROGRAMA	22
ANEXO I	23
ANEXO II	28

1.- TERRITORIO DE ACTUACIÓN

O ámbito xeográfico de actuación do GDR Asociación Miño - Ulla está conformado polo seguintes concellos: Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín e Taboada.

2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDA

O prazo de presentación de solicitudes de axuda con cargo ao Programa Leader Galicia 2007 - 2013 xestionado polo GDR7 Asociación Miño - Ulla comeza o 23 de Xullo de 2010 e remata o 1 de Setembro de 2013.

3.- REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS

- ✓ Estar localizados dentro do territorio do GDR7 Asociación Miño - Ulla.
- ✓ Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva.
- ✓ Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal, autonómica e local) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- ✓ Ser finalistas, é dicir, que na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos.
- ✓ Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
- ✓ Que o investimento para o que se solicita a axuda non estea iniciado.

4.- BENEFICIARIOS

- ✓ Persoas físicas.
- ✓ Persoas xurídicas de carácter privado: Sociedade Laboral, Sociedade Mercantil, Sociedade Civil, Sociedade Agraria de Transformación, Cooperativa, Asociación, Fundación e outras.
- ✓ Entidades públicas de carácter local ou comarcal: Concellos, Mancomunidades, Consorcios e entidades dependentes das anteriores.
- ✓ Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e as súas Mancomunidades.

Os beneficiarios haberán de cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
3. Cumprir os requisitos de Peme, nos termos regulados no anexo I do Regulamento nº (CE) 800/2008, do 8 de agosto, da Comisión polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (en adiante, Regulamento xeral de exención por categorías):

- Empregar a menos de 250 persoas.
- Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balanço xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
- Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

Os datos seleccionados para o cálculo do persoal e os importes financeiros serán os correspondentes ao último exercicio contable pechado, e calcularanse sobre unha base anual.

4. Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade.

5.- TIPOLOXÍA DE ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

Os proxectos subvencionables deberán encadrarse nalgunha desta medidas:

- ✓ Medida 411 - Dinamización do sector agrario e forestal (só proxectos produtivos):
 - *Investimentos no sector agrario*. Proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global, que:
 - impliquen a introdución de novas técnicas de produción a través de proxectos de experimentación susceptibles de difusión posterior,
 - teñan como obxectivo a recuperación de variedades tradicionais,
 - estean relacionados co apoio a novas producións,
 - afecten a producións extensivas en áreas ambientalmente sensibles,
 - estean dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións,
 - estean vinculados coa aplicación das TIC nas explotacións.
 - *Aumento do valor económico dos montes*. Proxectos que impliquen a posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, sempre que sexan actuacións singulares, excluíndo as plantacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados a elas. Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en montes veciñais en man común.
 - *Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais*:
 - proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios,
 - proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais.
 - *Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal* (con especial referencia a aqueles procesos que ofrezan saídas alternativas e de mellor calidade e que incrementen o valor engadido dos produtos).
- ✓ Medida 412 - Mellora ambiental e do contorno rural (só proxectos non produtivos):
 - *Investimentos non produtivos en explotacións agrarias*:
 - actuacións realizadas na explotación para a mellora da paisaxe en zonas Natura 2000 ou outras zonas de alto valor natural,

- actuacións de recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe agraria.
 - *Investimentos non produtivos en espazos forestais:*
 - restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e paisaxístico e de conservación da biodiversidade,
 - fomento do uso social, educativo e recreativo dos montes.
 - *Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.*
- ✓ Medida 413 - Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (proxectos produtivos e non produtivos):
- *Diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias* (actividade produtiva complementaria que se desenvolva na propia explotación agraria):
 - transformación e venda de produtos agrarios ou especialidades locais na propia explotación,
 - elaboración e venda de produtos artesanais,
 - agroturismo,
 - servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio,
 - prestación de servizos á poboación.
 - *Creación, ampliación e modernización de Pemes, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.* Enténdese por modernización a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso de produción dun establecemento existente. Nos proxectos de creación é requisito necesario a xeración de emprego e nos demais é requisito necesario o mantemento dos empregos existentes.
 - *Fomento de actividades turísticas:*
 - infraestruturas a pequena escala, tales como centros de información turística,
 - rutas de sendeirismo,
 - desenvolvemento e/ou a comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural.
 - *Servizos básicos para a economía e a poboación rural.* Implantación de servizos, incluídas as actividades culturais e de ocio, e as correspondentes infraestruturas a pequena escala, así como actividades vinculadas á mellora dos sectores produtivos do territorio.
 - *Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:*
 - mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural, incluídos os proxectos de mantemento e recuperación de sistemas silvopastorís en montes veciñais en man común

- sen finalidade produtiva,
- desenvolvemento de paraxes de alto valor natural,
 - investimentos relativos á restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural.
- *Formación vinculada a proxectos de investimento material promovidos no marco desta medida.*

6.- LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Dentro do programa Leader Galicia 2007 - 2013 cómpre establecer nalgúns sectores limitacións adicionais:

- Non son subvencionables os centros-residencia de maiores e os centros de protección e reeducación de menores. *Non están afectados por esta exclusión as vivendas comunitarias, vivendas tuteladas e centros de día de maiores non dependentes.* Os proxectos promovidos por entidades públicas e destinados á prestación de servizos do ámbito de actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar só serán subvencionables cando a xestión dese centro se integre en dito Consorcio.
- Quedan excluídos de subvencionalidade os establecementos de turismo rural do grupo D. *Nos establecementos de turismo rural dos grupos A e B e nos establecementos hoteleiros (tanto os de carácter xenérico como calquera das súas especialidades, de natureza, rústico, ...) non son financiáveis investimentos en novas prazas de aloxamento. Nos establecementos de turismo rural do grupo C os investimentos que impliquen creación de novas prazas de aloxamento só serán financiáveis nos concellos nos que se acredite a través dun informe conxunto entre Agader e a Dirección Xeral de Turismo a escaseza de prazas.* Nos proxectos de investimento que inclúan as prazas de aloxamento como unha actividade complementaria a outra actividade principal (educativa, cultural, etc.), o gasto vinculado ás prazas de aloxamento será elixible cando constitúa unha partida minoritaria dentro do proxecto (menor do 30% do investimento).
- Non son subvencionables os investimentos en enerxías renovables para venda á rede.
- Nos sectores de hostalería e comercio polo miúdo só son subvencionables establecementos adicados á valorización de produtos ou recursos propios do territorio onde se localicen.
- Os investimentos en actividades de asesoría, axencias de seguros, perruquerías, tinturerías, talleres de reparacións, despachos profesionais e asimiladas só serán subvencionables en núcleos de poboación onde non haxa ningún establecemento que preste ese servizo.
- Os proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías, páxinas web, terán un límite máximo de axuda de 30.000 € por proxecto.

- Nos centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento, só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral, sendo a axuda máxima de 50.000 € por proxecto.

7.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

En relación co proxecto ou actividade que pretendan realizar, os promotores deberán presentar no rexistro do GDR:

1. Solicitud de axuda en triplicado exemplar, segundo modelo normalizado.
2. Documentación (orixinal ou copia cotexada):
 - Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF), e, de ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.
 - Declaración censal tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.
 - Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos, debidamente inscritos no rexistro correspondente.
 - Documentación acreditativa do requisito de Peme (ou de empresa intermedia, de ser o caso): últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual, e informe da vida laboral da empresa emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, referido ao ano anterior ao da presentación da solicitude.
 - No caso de persoas físicas, última declaración da renda, e de ser o caso, e estar de alta como autónomo, os tres últimos recibos de pagamento da cuota.
 - Declaración, en modelo normalizado, doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás axudas *de minimis*.
 - Resumo do proxecto en modelo normalizado. Se se estima conveniente, poderá achegarse unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión.
 - Orzamento de gastos desagregado por partidas, con indicación, de ser o caso, daquelas que supoñan unha achega en especie, segundo modelo normalizado.
 - Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía dos 30.000 € no suposto de obra ou os 12.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso (segundo o modelo normalizado), salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista

no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de acordo cos criterios de eficacia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa,. As entidades públicas de carácter local ou comarcal, na medida en que están suxeitas á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.

- Para proxectos produtivos, plan de empresa, coa xustificación da súa viabilidade económica e financeira para un período mínimo de 5 anos, e para proxectos non produtivos, plan de xestión, segundo os modelos normalizados.
- No caso de que o proxecto requira obra civil deberá achegarse memoria valorada, anteprojecto ou proxecto asinado por técnico competente, coa desagregación das diferentes partidas orzamentarias.
- Plano de localización do proxecto, aldea e parroquia a que pertence, e de ser o caso, a súa inclusión en zona L.I.C.
- De ser o caso, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable (certificado de exención).
- No suposto de investimentos no sector agrario, código de explotación agraria.
- Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria.
- Calquera outra documentación ou información que o interesado considere interesante para a análise do proxecto.

Os modelos normalizados necesarios para a presentación da documentación referida estarán ao dispor dos interesados na sede do GDR.

8.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Os promotores deberán presentar a solicitude e a documentación requerida no rexistro do GDR7 Asociación Miño - Ulla de luns a venres de 9 a 14 horas.

GDR7 Asociación Miño - Ulla
Praza de España, 11
27500 Chantada - Lugo
Tfno.: 982 46 21 97
Fax: 982 46 21 97
Email: asociaciongdr7@gmail.com

9.- RÉXIME XERAL DE SUBVENCIONALIDADE DOS GASTOS

9.1.- GASTOS SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL:

- Construción, adquisición e mellora de bens inmobles (con limitacións para a adquisición).
- Instalacións e compra de maquinaria e equipos, incluídos programas informáticos, ata o valor de mercado.
- Equipamento e material non funxible.
- Adquisición de terreos non edificadas (co límite do 10% do investimento subvencionable).
- Custos xerais, tales como estudos técnicos, gastos de proxectos, dirección de obra, estudos de viabilidade e outros gastos de consultoría relativos aos investimentos realizados, así como adquisición e expedición de patentes e licenzas, ata o 20% do investimento subvencionable.
- Medios e equipos de transporte. *En proxectos produtivos*, subvencionarase a adquisición de vehículos de transporte industrial e comercial, en proxectos que dean lugar ao inicio dunha actividade económica; así como, os gastos derivados da adecuación de vehículos de transporte de mercadorías para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso se subvencionará a adquisición e/ou adecuación de vehículos no sector do transporte. *En proxectos non produtivos*, subvencionaranse equipos para a prestación de servizos de transporte á demanda de pasaxeiros, en áreas de baixa densidade de poboación.

9.2.- GASTOS NON SUBVENCIONABLES CON CARÁCTER XERAL:

- O IVE, excepto o IVE non recuperable nos proxectos non produtivos cando sexa costeado de forma efectiva e definitiva polo suxeito pasivo.
- Os demais impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
- Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral.
- Os gastos de constitución, rexistras e notariais.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Os gastos anteriores ao levantamento dunha acta de non inicio por parte do GDR, a excepción dos gastos relativos a estudos de viabilidade ou redacción de proxectos, ou ben anteriores á presentación da solicitude de axuda, respecto daqueles proxectos que non requiran acta de non inicio.
- A reposición ou mera substitución de equipamento e maquinaria.
- As obras de mantemento das instalacións.
- Os gastos de alugamento de equipamento, e os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas.



LeaderGalicia
2007-2013

GDR-7 "Miño-Ulla"

(ANTAS DE ULLA, CARBALLEDO, CHANTADA,
MONTERROSO, PALAS DE REY, PORTOMARIN,
TABOADA)

Plaza de España, n.º 11 - 27500 Chantada - Lugo
Tel. 982 462 197 - asociaciongdr7@gmail.com - gdr.7.xestora@gmail.com

- Os gastos de procedementos xudiciais.
- A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación.
- As partidas de gastos xerais e beneficio industrial dos proxectos, agás nos proxectos de promoción pública, cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.

10.- BAREMO E PORCENTAXES DE AXUDA

Os proxectos presentados serán baremados segundo o seu carácter produtivo ou non produtivo, aplicando o baremo aprobado por Agader, con data 20 de Xullo de 2010.

A porcentaxe de axuda e a súa contía determinarase en base a puntuación obtida polo proxecto en aplicación do baremo aprobado.

10.1.- PROXECTOS DE CARÁCTER PRODUCTIVO

10.1.1.- Baremo

1. Situación xeográfica: 40 puntos

40 puntos de máximo e 0 de mínimo

Si un proxecto se desenvolve en varios concellos ou varios núcleos de poboación farase a media aritmética para o cálculo de puntos, e si se desenvolve na totalidade do ámbito do GDR recibirá a máxima puntuación.

1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

En base os datos do ano 2002 do IGE que marca como referencia o AGADER, os concellos teñen o seguinte IMRF:

▪ ANTAS DE ULLA	80
▪ CARBALLEDO	87
▪ CHANTADA	89
▪ MONTERROSO	84
▪ PALAS DE REI	89
▪ PORTOMARÍN	85
▪ TABOADA	81

- Concellos cun IMRF inferior ou igual 81%: 10 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 81% e inferior ou igual a 83%: 9 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 83% e menor ou igual a 85%: 8 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 85% e menor ou igual a 87%: 7 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 87% e menor ou igual a 90%: 6 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 90% e menor ou igual a 99%: 5 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 99%: 0 puntos

1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

En base os datos de poboación entre os anos 2002 - 2007 establecidos polo IGE:

CONCELLO	ANO 2002	ANO 2007	VARIACIÓN
ANTAS DE ULLA	2.719	2.549	- 6,25 %
CARBALLEDO	3.121	2.886	- 7,53 %
CHANTADA	9.695	9.150	- 5,62 %
MONTERROSO	4.253	4.121	- 3,10 %
PALAS DE REI	4.135	3.667	- 11,32 %
PORTOMARÍN	2.035	1.898	- 6,73 %
TABOADA	4.077	3.537	- 13,25 %

- Concellos cunha caída de poboación maior ou igual a 10%: 10 puntos
- Concellos cunha caída de poboación menor a 10% e maior ou igual a 6%: 8 puntos
- Concellos cunha caída de poboación menor a 6% e maior ou igual a 2%: 6 puntos
- Concellos cunha caída de poboación menor a 2%: 0 puntos

1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

Como núcleo ou entidade de poboación tomarase a parroquia, polo que se adxunta un Anexo I coa poboación das parroquias segundo o nomenclátor de Galicia para o ano 2007.

Establecido polo AGADER os núcleos cunha poboación igual o superior a 2.500 habitantes terán ceros puntos.

- Núcleos ou entidades de 0 a 300 habitantes: 10 puntos
- Núcleos ou entidades de 301 a 700 habitantes: 8 puntos
- Núcleos ou entidades de 701 a 1.100 habitantes: 6 puntos
- Núcleos ou entidades de 1.101 a 1.700 habitantes: 4 puntos
- Núcleos ou entidades de 1.701 a 2.500 habitantes: 2 puntos
- Núcleos ou entidades de máis de 2.500 habitantes: 0 puntos

1.4. Outros criterios xeográficos: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

Se adxunta un Anexo II cos ámbitos territoriais que se corresponden cos Lugares de Interese Comunitario e coas D.O.

- Proxectos situados en Lugares de Interese Comunitario: 10 puntos
- Proxectos situados en territorio das D.O. Ribeira Sacra e Arzúa-Ulloa: 5 puntos

2. Características do promotor do proxecto: 10 puntos

10 puntos de máximo e 2 de mínimo

2.1. Tipo de promotor: 7 puntos

7 puntos de máximo e 2 de mínimo

2.1.1. Proxectos promovidos por persoas físicas (puntuación de criterios acumulábel): 7 puntos

- Por homes entre 35 e 45 anos: 2 puntos
- Por mozos/as (entre 16 e 35 anos) ou persoas maiores (entre 45 e 65 anos): 3 puntos
- Por mulleres: 2 puntos
- Por persoas con discapacidade maior ou igual a 33% ou en risco de exclusión social*: 2 puntos

2.1.2. Proxectos promovidos por entidades relacionadas co sector agrícola e forestal: 7 puntos

- Por Cooperativas, Sociedades Agrarias de Transformación e Comunidades de Montes Veciñais en Man Común: 7 puntos

2.1.3. Proxectos promovidos por persoas xurídicas nas que o 50% (ou máis) da participación social se corresponda cos seguintes criterios (puntuación de criterios acumulábel): 7 puntos

- Homes entre 35 e 45 anos: 2 puntos
- Mozos/as (entre 16 e 35 anos) ou persoas maiores (entre 45 e 65 anos): 3 puntos
- Mulleres: 2 puntos
- Persoas con discapacidade maior ou igual a 33% ou en risco de exclusión social*: 2 puntos

* Por persoas en risco de exclusión social entenderase aquelas ás que faga referencia o artigo 2 do Decreto 156/2007 do 19 de xullo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral (D.O.G.nº 153 de 08/08/2007).

2.2. Uso do galego: 3 puntos

3 puntos de máximo e 0 de mínimo

- Uso do galego na execución e desenvolvemento do proxecto: 3 puntos

3. Incidencia no emprego: 25 puntos

25 puntos de máximo e 0 de mínimo

3.1. Creación de emprego: 15 puntos

15 puntos de máximo e 0 de mínimo

Cada UTA xerada obterá 5 puntos, e sumarse ao resultado de dividir 50.000 entre o investimento elixible.

$$\text{Puntos} = n^{\circ} \text{ de UTAs} \times 5 + \frac{50.000}{\text{Investimento total elixible}}$$

3.2. Creación de emprego en determinados colectivos: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

Valorarase a creación de emprego nos seguintes colectivos (independentemente do número) (puntuación de criterios acumulábel):

- Homes entre 35 e 45 anos: 3 puntos
- Mozos/as (entre 16 e 35 anos) ou persoas maiores (entre 45 e 65 anos): 4 puntos
- Mulleres: 3 puntos
- Persoas con discapacidade maior ou igual a 33% ou en risco de exclusión social*: 3 puntos

En caso de que o emprego creado sexa a tempo parcial multiplicaranse os puntos de cada apartado pola fracción de UTA que represente a xornada laboral do novo contratado.

4. Impacto sobre o territorio: 25 puntos
25 puntos de máximo e 0 de mínimo

4.1. Capacidade de arrastre do proxecto: 15 puntos
15 puntos de máximo e 0 de mínimo

En función dos seguintes criterios:

- Utilización e/ou transformación de materias primas da zona: 5 puntos
- Proxectos que incidan positivamente nos sectores: 10 puntos
 - Sectores incluídos na estratexia (agroalimentario, agroforestal, turismo e comercio): 10 puntos
 - Sector industrial e sector de servizos a infancia e a terceira idade: 5 puntos

4.2. Incidencia medioambiental: 5 puntos
5 puntos de máximo e 0 de mínimo

Valoraranse aqueles elementos ou aspectos do proxecto que teñan incidencia ambiental positiva ou ben que contribúan a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona. Puntuarase o seguinte de xeito acumulábel:

- estar localizado en polígonos industriais: 3 puntos
- utilización de enerxías renovables: 2 puntos
- rehabilitación fronte a nova construción: 1 punto

4.3. Incorporación de novos elementos: 5 puntos

Utilización ou inserción de novas tecnoloxías e innovacións tecnolóxicas (entendida a innovación como aportar algo novo para o territorio a nivel de concello ou de execución do proxecto).

10.1.2.- Porcentaxes de axuda

Para que un proxecto produtivo poda ser subvencionado ten que acadar unha puntuación mínima de 25 puntos, sendo esta a nota de corte, de xeito que todos os proxectos que non acaden 25 puntos non serán subvencionados.

Con 25 puntos a porcentaxe de axuda concedida será do 25,00%, alcanzando a máxima porcentaxe de subvención, un 45,00%, aqueles proxectos que acaden 65 puntos na baremación total. Polo que a relación será que cada punto adicional por encima de 25 suporá un 0,50% máis de axuda sobre o

25,00% inicial, ata un máximo de 65 puntos, a partir dos cales a porcentaxe de axuda xa non se incrementará máis e será lineal do 45,00%.

PUNTOS	PORCENTAXE DE AXUDA
De 0 a 24 puntos	Non subvencionado
De 25 a 65 puntos	25,00% + (puntos acadados – 25) x 0,50
Máis de 65 puntos	45,00%

10.2.- PROXECTOS DE CARÁCTER NON PRODUCTIVO

10.2.1.- Baremo

1. Localización xeográfica: 40 puntos

40 puntos de máximo e 2 de mínimo

Si un proxecto se desenvolve en varios concellos ou varios núcleos de poboación farase a media aritmética para o cálculo de puntos, e si se desenvolve na totalidade do ámbito do GDR recibirá a máxima puntuación.

1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

En base os datos do ano 2002 do IGE que marca como referencia o AGADER, os concellos teñen o seguinte IMRF:

▪ ANTAS DE ULLA	80
▪ CARBALLEDO	87
▪ CHANTADA	89
▪ MONTERROSO	84
▪ PALAS DE REI	89
▪ PORTOMARÍN	85
▪ TABOADA	81

- Concellos cun IMRF inferior ou igual 81%: 10 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 81% e inferior ou igual a 83%: 9 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 83% e menor ou igual a 85%: 8 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 85% e menor ou igual a 87%: 7 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 87% e menor ou igual a 90%: 6 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 90% e menor ou igual a 99%: 5 puntos
- Concellos cun IMRF maior de 99%: 0 puntos

1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

En base os datos de poboación entre os anos 2002 - 2007 establecidos polo IGE:



LeaderGalicia
2007-2013

GDR-7 "Miño-Ulla"

(ANTAS DE ULLA, CARBALLEDO, CHANTADA,
MONTERROSO, PALAS DE REY, PORTOMARIN,
TABOADA)

Plaza de España, n.º 11 - 27500 Chantada - Lugo
Tel. 982 462 197 - asociaciongdr7@gmail.com - gdr.7.xestora@gmail.com

CONCELLO	ANO 2002	ANO 2007	VARIACIÓN
ANTAS DE ULLA	2.719	2.549	- 6,25 %
CARBALLEDO	3.121	2.886	- 7,53 %
CHANTADA	9.695	9.150	- 5,62 %
MONTERROSO	4.253	4.121	- 3,10 %
PALAS DE REI	4.135	3.667	- 11,32 %
PORTOMARÍN	2.035	1.898	- 6,73 %
TABOADA	4.077	3.537	- 13,25 %

- Concellos cunha caída de poboación maior ou igual a 10%: 10 puntos
- Concellos cunha caída de poboación menor a 10% e maior ou igual a 6%: 8 puntos
- Concellos cunha caída de poboación menor a 6% e maior ou igual a 2%: 6 puntos
- Concellos cunha caída de poboación menor a 2%: 0 puntos

1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

Como núcleo ou entidade de poboación tomarase a parroquia, polo que se adxunta un Anexo I coa poboación das parroquias segundo o nomenclátor de Galicia para o ano 2007.

Establecido polo AGADER os núcleos cunha poboación igual o superior a 2.500 habitantes terán ceros puntos.

- Núcleos ou entidades de 0 a 300 habitantes: 10 puntos
- Núcleos ou entidades de 301 a 700 habitantes: 8 puntos
- Núcleos ou entidades de 701 a 1.100 habitantes: 6 puntos
- Núcleos ou entidades de 1.101 a 1.700 habitantes: 4 puntos
- Núcleos ou entidades de 1.701 a 2.500 habitantes: 2 puntos
- Núcleos ou entidades de máis de 2.500 habitantes: 0 puntos

1.4. Outros criterios xeográficos: 10 puntos

10 puntos de máximo e 0 de mínimo

Se adxunta un Anexo II cos ámbitos territoriais que se corresponden cos Lugares de Interese Comunitario e coas D.O.

- Proxectos situados en Lugares de Interese Comunitario: 10 puntos
- Proxectos situados en territorio das D.O. Ribeira Sacra e Arzúa-Ulloa: 5 puntos

2. Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto: 20 puntos

20 puntos de máximo e 0 de mínimo

2.1. Tipo de promotor e ámbito de actuación: 17 puntos

17 puntos de máximo e 0 de mínimo

2.1.1. Promotor entidade pública: 17 puntos

Valorase a supramunicipalidade en función de:

- Si se asocian ou colaboran dous concellos: 13 puntos

- Si se asocian ou colaboran tres concellos: 15 puntos
